

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 19 de xullo de 2012

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Aguete, Pilar
Muleiro Parada, Luis Miguel
Rodríguez Domínguez, María del Mar

Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Cabeza Pereira, Jaime
Castro Fernández, Ana Esther
Fernández Docampo, Belén
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, Noemí
García Mosquera, Marta
González Martínez, José Manuel
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa
Rodríguez Damián, Amparo
Ruiz Hidalgo, Carmen
Vicente Remesal, Javier de

Arjones Giráldez, David
Guerrero Saco, Alejandro

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves
Macías Cambra, Henrique
Rivas Suances, María Fernanda
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 13.10 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 11 de xullo de 2012).

2. Informes da Decana.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións de Posgrao do Centro para o curso académico 2012/2013.

4. Aprobación, se procede, de modificacións nas partidas orzamentarias do Centro.

5. Aprobación, se procede, das alegacións ao Informe da área de calidade da Universidade de Vigo da Titulación de Grao en Relacións Laborais.

6. Aprobación, se procede, da proposta de eliminación de materias chave da Licenciatura en Dereito (rama económico-empresarial).

7. Aprobación, se procede, do calendario de exames correspondentes ás probas de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros polo título español de licenciado en Dereito.

8. Rogos e preguntas.

A Decana escusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: Dona Nora María Martínez Yáñez, Dona María Antonia Arias Martínez, Dona Teresa Estévez Abeleira, Núñez Martínez, Dona Carmen Domínguez Rubira, Dona María Cruz Barreiro Carril, Dona Emma Rodríguez Rodríguez, Dona Elena Salgado André, Dona Lucía Núñez Martínez, Don Alexander Lizarralde Fernández.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 11 de xullo de 2012).

Apróbase por asentimento.

2. Informes da Decana.

A Decana informa da posible instalación de dispositivos parecidos a SAI (sistema de alimentación ininterrompida), aínda que non tan caros; manteñen corrente durante 7 minutos (contra os 50 euros cada un).

En segundo lugar, con relación aos horarios de 5º de licenciatura, onde o alumno Alejandro Guerreiro Saco, propuxo na última reunión de Xunta un cambio respecto de Contabilidade de Sociedades, falouse cos docentes responsables e implicados e comunicaron a súa imposibilidade de considerar o cambio. Deste xeito, mantéñense os horarios do quinto curso, tal e como se trouxeron para a aprobación á última reunión de Xunta de Facultade.

Como en anteriores ocasións, non se enviaron os documentos anexos á acta anterior: e, ao seren agora definitivos, enviaranse proximamente nun correo electrónico a todos os Profesores da Facultade. É o que se fixo outros anos, enviando nun correo electrónico separado horarios e exames.

Nas guías dos Másters en Avogacía falla o profesorado externo pero é un problema de que os profesores externos están envorcándose en Xescampus, ou xa se envorcaron, pero tarda un tempo en actualizarse a aplicación de .Docnet. Simplemente informar, de parte dos coordinadores deste particular, con independencia de que se sometan a aprobación as guías nas que aparecerá con carácter automático, proximamente, o profesorado externo (proposto polos colexios).

En canto á petición que fixo o Prof. Mariño de Andrés na última reunión de Xunta de Facultade, relativa a un desfibrilador e formación respecto disto no noso Centro, consultouse ao Vicerreitorado correspondente na nosa Universidade e respondéronnos que non é posible atender a esta petición, posto que hai dous desfibriladores na Universidade, decidíndose situalos na área de Deportes e na Facultade de Ciencias, considerando así suficientemente cuberto o servizo e a posible atención de imprevistos neste senso.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións de Posgrao do Centro para o curso académico 2012/2013.

A Decana informa de que a Coordinadora Académica do Máster en Avogacía no

Campus de Pontevedra, a Dra. Arias Martínez, trasladoulle que, a pesares do requirimento, non se lle incorporou á bibliografía na guía docente da materia de Práctica Extraxudicial. A Dra. Bergareche, que se engade neste mesmo momento á reunión, manifesta que se engadirá á maior brevidade esta bibliografía. A Decana pide que se aproben as guías condicionadas a esta inclusión.

Apróbanse as guías docentes das titulacións de Posgrao do Centro para o curso académico 2012/2013.

4. Aprobación, se procede, de modificacións nas partidas orzamentarias do Centro.

A Decana informa de que non é necesario facer certas modificacións a partires da inminente posta en marcha da revista da Facultade. Nembargante, tendo en conta as necesidades neste exercicio, proponse pasar 7.000 € da partida 280 (produción docente de centros) á partida 628 (Material inventariable-libros). Asemade, proponse trasladar 6.000€ da partida 213 (reparacións) á partida 625 (Material inventariable).

Apróbanse por asentimento estas modificacións nas partidas orzamentarias do Centro.

5. Aprobación, se procede, das alegacións ao Informe da área de calidade da Universidade de Vigo ao informe da Titulación de Grao en Relacións Laborais.

A Decana informa de que se trata de responder a algunhas obxeccións ao informe da titulación de Grao en Relacións Laborais, na medida en que, en ocasións, obxetáronse cuestións que non eran responsabilidade do Centro.

Apróbanse por asentimento as alegacións.

6. Aprobación, se procede, da proposta de eliminación de materias chave da Licenciatura en Dereito (rama económico-empresarial).

A Decana indica que se retira este punto da orde do día, posto que non é posible eliminar a condición de chave das materias da Licenciatura. Incluíuse porque un servizo da nosa Universidade respondeu que non e outro que si, se se aprobaba en Consello de Goberno.

Procede dunha petición dos nosos alumnos; solicitaban que unha vez que desaparece a docencia desapareza tamén a condición de chave. A Decana expresa que podía ter senso a petición porque no Grao tampouco hai materias chave, pero a Vicerreitoría de Titulacións

respondeu onte que non se tramitan modificacións de títulos a extinguir. E díxose que, no seu caso, se faga un chamamento aos profesores do correspondente Centro para que se teña en conta esta circunstancia. Así que é decisión de cada profesor decidir se mantén ou non a cualificación e a Decana só informa que nos Graos non hai claves, o cal é un tema a considerar.

A Xefa da área académica, Dona Nieves López, manifesta que os alumnos que teñan materias pendentes do primeiro curso xa non se poderán presentaren en outubro de 2012, porque xa é curso 2012/2013.

7. Aprobación, se procede, do calendario de exames correspondentes ás probas de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros polo título español de licenciado en Dereito.

A Decana expresa que se hai coincidencias nas datas propostas, terá que ser asumible esta obriga por parte de Profesores da área. Pensouse que os exames rematen a primeira semana de xullo. Aínda que o prazo de entrega de actas se manteña ata finais do mes de xullo.

Apróbase por asentimento o calendario.

8. Rogos e preguntas.

O Prof. Grande Seara pide unha aclaración acerca de se está previsto que se suspendan as clases nos meses de decembro e maio. A Decana di que dende a Secretaría Xeral da Universidade se indicou que é unha decisión do Centro. E xa se decidiu noutra Xunta deixar suspendidas as clases, a estes efectos, aproximadamente unha semana e media en decembro e dúas semanas en maio. O noso Centro si decidiu suspender as clases, se ben noutros Centros non se decidiu así na medida en que non hai exames finais. O Profesor Grande pregunta, entón, se este particular, consecuentemente, deberá ser tido en conta para facer os cronogramas e a Decana responde afirmativamente.

O Prof. De Vicente en relación co punto 6 da orde do día cuestiona se as observacións que se fixeron alí por parte da Decana é oportuno deixalas na acta. A Decana di que lle parece oportuno facer constar o alí manifestado. O Prof. De Vicente expresa que pola súa parte gustaríalle, ao respecto, manifestar que do mesmo xeito que se garda un aprobado debería-se gardar un suspenso, polo que o coherente parece que pasa por non gardar nin o aprobado nin o suspenso. A Decana simplemente cuestiona se ten algún senso a eliminación dos Graos das materias chave e, quizais, é esta unha cuestión que deberemos abordar nun futuro.

A Dra. Ruiz Hidalgo pregunta se o Decanato ten pensado organizar algún curso de formación docente e a Decana di que estase pensando en organizar algún e traer a algún convidado dende a ANECA e nisto se traballará os próximos meses e en setembro coa Comisión de Docencia para decidir sobre este tema. É posible que teñamos unha masa crítica interesada nunha actividade semellante a esta e por iso, insiste, se plantexará proximamente nunha Comisión de Docencia.

Non habendo máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 14.15 horas, do que dou fe como secretario por delegación.

Luis Miguel Muleiro Parada